

ACORDO DE GOBERNO ENTRE PSDEG-PSOE - BNG





ACORDO DE GOBERNO ENTRE PSDEG-PSOE E BNG

MANDATO 2019-2023

As forzas políticas asinantes, por un lado, Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE), e por outra, o Bloque Nacionalista Galego (BNG),

1. Unha vez cotexados os Programas Electorais presentados por ambas forzas políticas ás Eleccións Municipais de maio de 2019 para o Concello de Lugo.
2. Unha vez repasados e chegados a un principio de acordo en relación aos asuntos e temas sobre os que haxa que adoptar decisións durante o mandato.
3. Unha vez comprobado que o espazo de coincidencia resulta moi amplo para poder constituír un goberno de coalición sobre fundamentos sólidos que permitan unha acción de goberno áxil para mellorar a calidade vida das veciñas e veciños de Lugo.
4. Unha vez comprobada a vontade de ambas formacións políticas de constituír un goberno coa máis ampla base posíbel para darlle a máxima estabilidade e así dispoñer de máis efectivos e enerxías na acción de goberno.

Ambas forzas políticas, sen prexuízo da súa autonomía e liñas políticas propias e diferenciadas en ámbitos alleos á xestión do goberno municipal.

ACORDAN

Un Goberno de coalición PSdeG-PSOE-BNG no Concello de Lugo para o mandato 2019-2023, baseado na colaboración institucional co fin de darlle estabilidade á xestión, defender os intereses da veciñanza de Lugo, impulsar os servizos municipais e dar respostas aos grandes retos do municipio nos eidos da gobernanza, o urbanismo, o medio ambiente, a cultura, a economía, o medio rural e o deporte, así como a todas as políticas sociais.

O Goberno rexerese polos principios de lealdade e respecto mutuo, Goberno único sen prexuízo da autonomía nas áreas de xestión, actuación coordinada e diálogo e interlocución constante.

Neste camiño, o programa desenvolverase baixo as seguintes

LIÑAS DE ACCIÓN DE GOBERNO 2019-2023

- Impulsar unha política de colaboración coas demais administracións con competencias sobre o territorio do Concello de Lugo, tanto as xerais (Administración Central, Xunta, Deputación) como as sectoriais, así como co resto de institucións que actúen no territorio, como a Universidade.
- Esixir ás administracións competentes un trato igualitario na execución de obras e proxectos ante a necesidade urxente de contar cunhas infraestruturas viarias e ferroviarias dignas de Lugo, xunta coa reivindicación de mellores conexións co resto de Galicia e tamén coa Meseta.
- Creación dun mapa municipal de servizos públicos que recolla todos os recursos e prestacións que ofrece o Concello para facilitar a información e o seu funcionamento.
- Continuar cos orzamentos participativos como mecanismo para implicar á cidadanía na xestión dos fondos públicos. Crear un regulamento de participación cidadá.
- Aumentar, segundo o marco lexislativo, as cláusulas sociais en todos os novos contratos que se asinen nos distintos servizos.
- Ampliar e facilitar o acceso aos espazos socioculturais de convivencia municipais para os distintos colectivos.
- Reivindicar á Xunta a construción dun novo centro de saúde no Sagrado Corazón.

- Esixir á Xunta o cumprimento dos proxecto de dotación de servizos sociosanitarios no barrio da Residencia, como é a construción do Centro Integral de Saúde, da Residencia Terceira Idade e Oficina de Emprego.
- Impulso dunha Rede de Voluntariado Social como motor de solidariedade e compromiso por parte dos colectivos sociais e o resto da cidadanía.
- Reforzar o Consello Local de Servizos Sociais coa posta en marcha dunha comisión de traballo da discapacidade.
- Manter Lugo como municipio de referencia feminista co reforzo de accións, que seguirán a ser transversais en todas as áreas de Goberno. Avanzar cara un Lugo inclusivo e amable coa diversidade, que permita a vida en equidade e liberdade.
- Avanzar nas políticas públicas que se sustentan nos valores de solidariedade e benestar interxeracional, así como no concepto de municipio 8-80, é dicir, un municipio con solucións de benestar para un lucense de 8 anos, pero tamén para un de 80.
- Adaptación da normativa urbanística que permita un crecemento sostible, fomentando a rehabilitación e a accesibilidade, sobre todo nas zonas protexidas a través da modificación do PXOM, do PEPRI e dos plans sectoriais.
 - Na parte do PXOM aínda non aprobada pola Xunta, o BNG manterá a súa liberdade de voto.
- Materialización do expediente para a creación dunha zona de rehabilitación e rexeneración urbana na Milagrosa, así como o seu estudo noutras zonas que necesiten dunha especial atención.
- Artellar o procedemento necesario para derribar o Garañón. E artellarase unha solución urbanística que permita a creación dunha zona verde para lecer e goce da cidadanía.
- Executara os proxectos xa aprobados para a eliminación das barreiras que separan a cidade do río e impulsaranse novas medidas.
- A recuperación progresiva do casco histórico será un obxectivo irrenunciabile durante este mandato.
- Esixirase á Xunta de Galicia o cumprimento do Plan Paradai.
- Acometerase un plan integral de mellora de seguridade viaria tanto na sinalización horizontal como vertical.

- Impulsaranse accións que melloren a accesibilidade e mobilidade nos barrios.
- Avanzar na eliminación das barreiras arquitectónicas.
- Desenvolver una Política de Mobilidade sustentada en:
 - Apostar por un transporte público eficiente e adaptado ás necesidades e usos da cidadanía, coa modificación das liñas de autobuses urbanos e a implantación dos sistemas dixitais e móbiles necesarios para a información da cidadanía.
 - Aplicaranse medidas para reducir o tráfico rodado na contorna da Muralla.
 - Incrementar as zonas peonís na cidade e avanzar cara a peonalización total da Ronda da Muralla.
 - Incrementar o número de aparcadoiros disuasorios en zonas e barrios con problemas de estacionamento.
 - Potenciar a creación de carrís bici e implantar unha rede municipal de bicicletas para promover o transporte alternativo ao vehículo privado.
 - Atenderase ás demandas de transporte público en zonas con escasa poboación.

- Impulsaranse e poranse en valor os novos espazos verdes de lecer para a cidadanía, como pode ser a unión do Parque Miño co Rato.
- Posta en marcha dun plan específico de fomento de compostaxe.
- Traballar de xeito conxunto entre administracións, o Consello Municipal de Cultura e os axentes culturais e o resto da cidadanía para deseñar a planificación da xestión cultural no eido, entre outras, das artes escénicas, plásticas, música, literatura e audiovisual.
- Planificar a xestión de todos espazos culturais da cidade.
- Favorecer a dinamización cultural dos barrios e parroquias a través de programación específica.
- Coordinar a programación cultural tanto municipal como as promovidas polas diferentes institucións, tamén na divulgación da muralla e do Camiño Primitivo e outras vías patrimoniais.
- Esixir á Xunta de Galicia a realización do proxecto de rehabilitación do Cuartel de San Fernando para convertelo no Museo Galaico-Romano de Galicia co obxectivo de que non sufra novas demoras.

- Traballar para conseguir que o casco histórico sexa o Cuarto Ben Patrimonio da Humidade de Lugo e o recoñecemento de Lugo como Cidade Gastronómica pola Unesco.
- Potenciar as grandes citas culturais como o San Froilán como festa popular da cidade de Lugo, con presenza activa da tradición cultural galega e lucense; o Arde Lucus, como festa de recreación da historia romano castrexa de Lugo, e o Caudal Fest, como evento musical pensado especialmente para a xente moza.
- Acometer proxectos de sinalización de elementos de interese turístico en todo o municipio.
- Incrementar a aposta cultural da Escola Municipal de Música e apostar polo seu carácter público. Fomentar as expresións artísticas e culturais na rúa.
- Traballar para situar a Lugo como porta de entrada a Galicia do Camiño Primitivo.
- Cumprimento da Lei de Memoria Histórica.
- Seguir a potenciar o uso da lingua galega de xeito transversal como idioma vehicular non só na Administración senón tamén na vida cotiá da cidadanía, con especial atención á infancia e mocidade.
- Implantaranse as medidas necesarias tendentes a aumentar o prestixio e uso social da lingua galega en todos os ámbitos e sectores sociais.
- Potenciaranse os sectores produtivos que xeren unha ventaxa competitiva para Lugo como son os proxectos relacionados coa economía verde, o turismo e as novas tecnoloxías.
- Impulsar a actividade do CEI Nodus como centro de referencia de emprendemento.
- Promocionar o potencial investigador que desenvolve o Campus Terra da man do Concello para que reverta na diversificación, produtividade e competitividade do tecido industrial lucense.
- Proseguir a colaboración e integración da Universidade na cidade, no camiño de:
 - Elaborar proxectos conxuntos para acadar unha integración social e económica o máis ampla posible.
 - Favorecer e incentivar a creación de empresas no concello por parte dos titulados universitarios do campus de Lugo.

- Impulsar o Mercado e a Praza de Abastos para convertela en motor do comercio no centro da cidade.
- Desenvolver campañas de promoción das industrias e sectores produtivos chave para a capital lucense a nivel de Galicia e o resto de Europa.
- Dar un novo impulso ao saneamento e abastecemento das augas no rural, achegando orzamento municipal e esixindo á Xunta de Galicia que reverta unha porcentaxe mínima do 30% do canon da auga para ampliar a rede do municipio.
- Demandar á Xunta a cobertura de Internet de calidade na totalidade das parroquias, imprescindible para a igualdade de oportunidades do rural e o desenvolvemento económico.
- Traballar por consolidar Lugo como referente en industrias ecolóxicas vinculadas ós sectores gandeiro, agrícola e forestal.
- Continuar colaborando co sector primario, fomentando o cooperativismo, apoiando o emprendemento coa posta a disposición dos emprendedores e emprendedoras dos montes de titularidade municipal para o seu aproveitamento.
- Continuarase coa renovación progresiva e ampliación da sinalización da totalidade dos núcleos rurais.
- Continuarase coa mellora progresiva das vías municipais das zona rurais e acadando acordos co resto das administracións para a mellora da rede viaria da súa competencia.
- Ampliar a actual rede de equipamentos deportivos municipais cun novo pavillón multideportivo, así como outras instalacións deportivas que se consideren necesarias.
- Seguir a senda de promover Lugo como sede de eventos deportivos de primeiro nivel que, ademais de fomentar a práctica deportiva, supoña un impacto promocional con importantes beneficios económicos e de difusión estatal e internacional.
- Dar un novo impulso a carreira Corre Nós como un referente do deporte galego.
- Acondicionar un campo para o adestramento de rugby.
- Fortalecer o apoio a todo o deporte base en todas as disciplinas.
- Intensificar o apoio ao deporte feminino e o fomento do deporte adaptado.

- Posta en marcha da e-Administración de xeito que se cree unha plataforma integrada, que permitirá que todos os departamentos traballen de xeito interconectado para que se axilicen todos os procesos de tramitación de solicitudes da cidadanía e das empresas segundo os estándares de calidade máis innovadores. Ademais, coñecerase a trazabilidade dos expedientes.
- Finalizar a cobertura das prazas convocadas nas Ofertas de Emprego Público postas en marcha neste mandato e convocar as prazas permitidas por Lei durante os vindeiros catro anos.
- Impulsar a renovación dos contratos pendentes de actualizar nos distintos servizos municipais.
- Reforzo da transparencia a das canles de participación, facendo un uso responsable e exhaustivo de ferramentas e plataformas informáticas e conectadas.
- Avanzarase no proceso para a implantación dunha nova RPT.
- Implantarase o control horario.

Lugo, 14 de xuño de 2019



Lara Méndez López



Rubén Arroxo Fernández